

**NOTA DE PRENSA 085/23
24 DE SETEMBRO DE 2023**

**OUTEIRO DE REI CONVERTIUSE NO EPICENTRO DO KARTING
AUTÓNOMICO CON CASE 70 PARTICIPANTES**

O trazado lucense de Outeiro de Rei transformouse no epicentro do karting galego coa celebración da segunda proba puntuable para o Campionato da especialidade.

A cita, que contou con case 70 equipos inscritos nas distintas categorías, deixou grandes momentos de emoción e igualdade, dado o alto nivel dos participantes e o técnico do trazado.

Dentro da categoría KZ, a considerada raíña do karting galego, o primeiro posto da clasificación final foi para Guillermo Carrera (primeiro tamén en KZ2), seguido de Lino Collado (vencedor da primeira proba en As Pontes) e de Christian Domínguez.

Na competición sénior, primeira posición para Luis Fernández, con Ylenia Domínguez no segundo lugar e Mateo García, na terceira.

Un chanzo por debaixo, dentro da sempre competida categoría júnior, triunfo para Raúl González. Completaron os tres primeiros postos da clasificación Alexandre Mariño e Daniel García.

Dentro dos competidores da proba Mini, primeiro posto para Martín del Pozo, seguido de Alejandro Méndez e Kevin Fernández. O vencedor da modalidade Mini Novel foi Adrián Cabo na cuarta posición da xeral.

Jorge Núñez foi o mellor dos participantes na categoría Rookie, con Enzo Figueiredo na segunda posición e Aroa Fernández, na terceira.

A terceira e derradeira proba puntuable para o Campionato Galego de Karting terá lugar no mes de novembro (11 e 12) no circuito da Magdalena.